

Deseño:
eL

Edición e produción:
eL editora
Comisión de Publicacións de Espazo Lectura

1ª edición: febreiro, 2009

© das fotografías: Manuel G. Vicente, 2009
© dos textos: os seus respectivos autores/as, 2009
© Espazo Lectura, 2009
<http://www.espazolectura.org>
espazolectura@espazolectura.org

Depósito Legal: VG 339-2009

Impreso en Obradoiro Gráfico S. L.
Polígono do Rebullón, 52 D
36416 Mos (Pontevedra)

Reservados todos os dereitos.

Os ollos do Contomar

Socios protectores de Espazo Lectura

Espazo Lectura é unha asociación para o fomento da lectura. Organiza actividades e iniciativas sen ánimo de lucro relacionadas coa promoción da lectura e do libro como referentes de benestar social e coa consideración do libro como elemento socializador, indispensable para elevar o nivel educativo, a conciencia crítica, a capacidade analítica e, en definitiva, a calidade de vida e o ocio das persoas.

Ademais de socios/as numerarios/as, os estatutos de Espazo Lectura contemplan a posibilidade de nomear socios/as protectores/as que son «aquelas persoas físicas ou xurídicas que, a xuízo da Xunta Directiva, contribúan materialmente e de forma notable ao sostemento da asociación». Tras o primeiro ano de vida, Espazo Lectura ten en xaneiro de 2009 os seguintes socios protectores:

Centros de ensino

CRA Antía Cal
CEIP Souto-Donas
CEP Neira Vilas
CEIP Chano Piñeiro
CEIP Serra Vincios

Editoriais

Editorial Galaxia
Kalandraka
OQO editora
Edicións Xerais de Galicia

Espazo Lectura

<http://www.espazolectura.org>
espazolectura@espazolectura.org
Apartado de correos 50
36380 Gondomar

Empresas culturais

Berrobambán teatro

Os ollos do Contomar

Unha experiencia de fomento da lectura

Fotografías de Manuel G. Vicente



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA
E DEPORTE
Dirección Xeral de Creación
e Difusión Cultural

L
Espazo Lectura



CONCELLO DE GONDOMAR

Ás persoas que, contando, fixeron posible o Contomar

*Ás socias e socios de Espazo Lectura, por apoiar
este ilusionante proxecto*

Os ollos de Espazo Lectura

Para a asociación Espazo Lectura é unha satisfacción poñer nas vosas mans este libro, esta crónica en imaxes coa que quixemos contar o que ocorre os luns á tarde na Biblioteca Municipal de Gondomar nas sesións do Contomar, un contacontos que reúne cada semana unha media de 45 nenos e nenas de 3 a 9 anos, cos seus pais e nais.

«Non hai espectáculo máis fermoso que a mirada dun neno que le» é unha das reflexións que, da man de Günter Grass, ides atopar nas páxinas deste libro. A frase parece feita para describir o que sentimos as persoas que cada semana lles contamos contos aos nenos e nenas porque a ilusión e a maxia que transmiten os seus ollos foron sempre o mellor estímulo para seguirmos adiante con esta actividade. Nacía no mes de febreiro de 2006 inicialmente vencellado á ANPA do CRA Antía Cal e nestes tres anos foi medrando e consolidándose até converterse nun referente estable no traballo do fomento da lectura e nunha cita que xunta as familias e a biblioteca pública arredor da lectura, un dos mellores investimentos educativos que lles podemos ofrecer aos nosos fillos e fillas.

Na primeira parte do libro, titulada «Os ollos do Contomar», atoparedes fotografías que foron tomadas polo fotógrafo Manuel G. Vicente en diferentes sesións ao longo do

ano 2008, acompañadas de pequenos textos de diferentes autores e autoras nos que se reflexiona sobre a lectura e os libros.

Nunha segunda parte, titulada «Noite na biblioteca», incluímos fotografías dunha actividade que Espazo Lectura organizou, por primeira vez en Galicia, na noite do 21 ao 22 de xuño de 2008, cando 27 nenos e nenas de 6 a 12 anos quedaron a durmir na Biblioteca Municipal de Gondomar, nunha experiencia moi especial que incluíu xogos de busca, contacontos e un recital de poesía, así como o agasallo dun libro para cada un dos participantes. Espazo Lectura quere que, cada ano, cando o verán abra as súas portas, esa noite fermosa e máxica nos engaiole coa luz dos libros.

Para Espazo Lectura foi –e segue a ser– tamén unha satisfacción ir construindo, arredor da semente que agromou no Contomar, un proxecto cívico de fomento da lectura que se apoia en tres piares fundamentais intimamente ligados entre si: a dinamización, a formación e a sensibilización.

O noso eixo de traballo fundamental é a dinamización porque cremos que a lectura, ademais de ser unha actividade individual e silenciosa, pode e debe ser tamén un elemento de socialización e de reflexión crítica colectiva que nos permita entender o mundo en que vivimos e sentirnos parte da comunidade á que pertencemos. Con esa vontade ofrecemos no Val Miñor, e moi especialmente en Gondomar, un amplo programa de actividades que inclúe, ademais das sesións de contacontos, clubs de lectura, obradoi-

ros, accións lectoras, sesións de lectura compartida en voz alta e outras iniciativas semellantes que poñen a disposición da cidadanía espazos nos que compartir opinións, sentimentos e reflexións arredor da lectura.

Desenvolvemos tamén actividades no eido da formación porque nos parece importante que haxa unha rede de persoas especializadas no ámbito do libro e da lectura que actúen como mediadores eficaces cos diferentes colectivos sociais (nenos e nenas, adolescentes, familias, profesorado e todas as persoas interesadas en achegarse á lectura) para garantir un traballo serio e ben feito que constrúa unha necesaria oferta de formación e de lecer arredor da lectura nunha sociedade que, a pesar de estar construída sobre a palabra, ten enormes carencias lectoras.

E, por último, procuramos realizar tamén un traballo de sensibilización e concienciación, dirixido tanto á cidadanía –moi especialmente ás familias– como ás institucións, para que se valore a importancia social da lectura e a necesidade da implicación de todos os sectores sociais nese sentido. De aí que queiramos tamén, desde a experiencia e as propostas do noso traballo, marcar liñas de actuación con proxección para toda Galicia, convertendo Gondomar e o Val Miñor nun lugar de referencia no ámbito do fomento da lectura.

Para as persoas que traballamos, a xeito de voluntariado, en Espazo Lectura será unha satisfacción (tamén un reto e unha responsabilidade) consolidar o camiño iniciado

e ir propoñendo novas iniciativas que fortalezan hábitos lectores e axuden a conseguir cidadáns máis informados, máis seguros, máis críticos, máis xustos, máis responsables e máis libres. Nese camiño estamos a traballar e un dos nosos proxectos máis ambiciosos, a Casa da Lectura, é xa unha realidade. O apoio e a participación da xente nas actividades están a ser a mellor proba de que o esforzo paga a pena. E a ilusión das miradas e os sorrisos dos nenos e nenas son, sen dúbida, o mellor agasallo. Por iso quixemos poñelos nas páxinas deste libro, para compartir con todos vós esa maxia que contaxia. Agardamos que vos gusten.

CONCHA COSTAS
PRESIDENTA DE ESPAZO LECTURA

O brillo dos ollos que len

Son imaxes e textos, elementos que constrúen a maior parte dos libros. Non obstante, algo rexorde con especial enerxía nestas páxinas. Nunha primeira mirada, non é difícil chegar ao aquel especial que garda este volume. É o brillo dos ollos que len, o singular esplendor que emana en cada un dos cativos e cativas que seguen o transcórren dun conto, o desenlace dunha historia.

Son nenos e nenas que len con entusiasmo, contagiados polo bo facer dos responsábeis de Espazo Lectura, unha experiencia que está chamada a se converter en modelo de convite para o encontro dos cativos cos libros. A imaxinación, o divertimento, a curiosidade ou a aventura son algúns dos vimbios cos que se constrúe un proxecto colectivo que contaxia nos máis novos o hábito de ler. Abofé que de Espazo Lectura sairán homes e mulleres que van incluír a lectura nos seus costumes diarios, un pracer que fará da nosa unha sociedade cun futuro máis feliz.

Desde a Dirección Xeral de Creación e Difusión Cultural da Consellaría de Cultura e Deporte cremos en proxectos como Espazo Lectura. Compartimos a aventura de ler nunha noite na biblioteca, queremos que as lecturas marquen momentos de pensar, rir e imaxinar, que sexa unha decisión propia e tamén, como non, unha festa colectiva.

Animar a ler, acadar máis lectores e lectoras, é un dos grandes obxectivos da nosa acción de goberno e, con ese fin, desenvolvemos políticas activas que converten as bibliotecas en centros culturais dirixidos a todos os públicos, que promoven os clubs de lectura, que convidan a ler en todas as partes e en moitos momentos a través de campañas imaxinativas.

A lectura é un ben social, un dereito que se torna en beneficio para o país enteiro, unha posibilidade que nos abre a todos os tempos e a todos os mundos posíbeis. Nun libro podemos atopar o misterio do bosque, a maxia das meigas, a sorpresa do futuro, a melancolía do pasado, a aprendizaxe da viaxe, o amor, a tensión, o medo e mesmo o frío e a calor. Saber, sentir, vivir... a lectura marca os tempos das nosas vidas e debuxa as caras dos cativos e cativas nestas imaxes de Manuel G. Vicente tomadas en Contomar, o espazo máxico de Gondomar no que os pais e as nais se reúnen na biblioteca arredor dos libros.

LUIS BARÁ

DIRECTOR XERAL DE CREACIÓN E DIFUSIÓN CULTURAL

Ler Gondomar

A lectura constitúe hoxe un elemento imprescindible no desenvolvemento social. Sen a lectura non é posible concibir comunidades modernas, democráticas, cultas, abertas. O feito de que no concello de Gondomar exista unha programación tan ampla e sólida en torno ao fomento da lectura supón unha vantaxe e un privilexio para a nosa cidadanía, privilexio que, desde a institución municipal, temos a obriga de valorar e apoiar. O intenso labor que Espazo Lectura está a desenvolver en Gondomar, labor ben coñecido polas familias, non pode ser máis que motivo de orgullo, como o é que este modelo constitúa xa un referente para toda Galicia.

O escritor e pedagogo italiano Gianni Rodari dicía que «cos contos axudamos aos nenos a entrar na realidade pola fiestra, en lugar de pola porta. É máis divertido e, por iso, máis útil». Os nenos e nenas de Gondomar están afeitos a se desviar do camiño marcado e atravesar fiestras porque, desde que no ano 2006 comezaron as sesións do Contomar, grazas a todas as historias que levan escoitado, a todos os libros que levan ollado, adquiriron a ferramenta fundamental para exploraren por eles mesmos vieiros alternativos á realidade: a ferramenta da imaxinación e a fantasía.

Este traballo voluntarista, rigoroso e apaixonante que agromou no noso Concello

nace no seo da sociedade, dun grupo de persoas que decidiu asociarse e fundar Espazo Lectura, o lugar desde o que reivindicar e exercer o dereito á cultura, á información e ao fomento da lectura como un dos dereitos básicos da cidadanía democrática e piar sobre o que erguer a sociedade do coñecemento.

Espazo Lectura contribúe a construír sociedade lectora desde o traballo continuado, o que permite que o libro forme parte da vida cotiá das persoas; tamén saben do importante que é o papel da familia na consolidación do hábito lector, de aí o lugar sobranceiro que ocupan as nais e os pais en todas as actividades destinadas ao público infantil; ademais, tal e como reflicten as imaxes protagonistas deste libro, en Espazo Lectura saben que as actividades que fomenten o gusto por ler deben darse nun clima cariñoso, amigable e ter un claro compoñente lúdico. Velaí o traballo ben feito.

Os ollos do Contomar é a colleita dese traballo. A antoloxía de textos centrados na lectura revela a importancia que adquire que todos nos impliquemos na súa promoción; as estupendas fotografías de Manuel G. Vicente constatan que o esforzo nunca será en van.

Como alcalde non podo máis que sentirme fachendoso de que fose no Concello de Gondomar onde naceu unha iniciativa tan fermosa como necesaria, un soño ilusionante que reverte no ben da nosa comunidade.

ANTONIO ARAÚXO
ALCALDE DE GONDOMAR

Os ollos do Contomar

Non hai espectáculo máis fermoso que a mirada dun neno que le.

GÜNTER GRASS



Adiviña, adiviña...

Unha casa que ten mil portas que se abren a mil camiños que dan a mil cruceiros polos que se vai a mil mundos nos que hai mil tempos para ser mil persoas distintas e poder vivir mil vidas dentro de mil casas que caben nunha casa...

Que casa é?

A casa na que se le.

CÁNDIDO PAZÓ



Julio Cortázar
DISCURSO DO OSO
Emilio Urberuaga

Botarlles a culpa aos nenos se non aman a lectura, ademais de fácil, é comodísimo, porque serve para tapar as culpas propias.

GIANNI RODARI



O do libro nunca será o mellor negocio para o mundo dos negocios, pero é o mellor negocio para o mundo.

MANUEL RIVAS



Abonda a voz dun narrador, cun feixe de ilustracións unidas por un fío condutor, coa recomendación devota dunha obra ou, especialmente, coa lectura dun bo libro, para que unha persoa inicie o seu itinerario lector.

PEP MOLIST



Por que a humanidade le despois de tantos séculos? Acaso non se pode vivir sen ler? Volve agromar na miña lembranza aquela velliña, a señora Aurora, que lía no cristal das augas, nas tatuaxes do tempo, no madurar das uvas, nos silencios, nas miradas... pero non era quen de descifrar os códigos escritos... Ela sentada nunha vella cadeira; eu, sobre aquela colcha lila de faisáns dourados que cubría a súa cama mentres lle lía unha e outra vez –ata que a aprendía de memoria– a carta do seu fillo, que ela sacara de rentes ao corazón. Logo quedaba a soas mirándoa con ollos prendidos de luz, lendo sen saber ler, nunha liberdade máis íntima e a min antollábase me adiviñar non seus xestos «agárdote aquí, trasnoitando o meu soño». A señora Aurora influíu en que nunca tivese que me preguntar: Por que ler?

FINA CASALDERREY



Un po' di Pasticci
che si fa al mare
tutto da una parte
il mare, la casa di papà,
in un'altra parte si gioca.

La torta di cioccolato



O tempo para ler é sempre tempo roubado. A lectura non forma parte da organización do tempo social; é, como o amor, unha maneira de ser. A cuestión non consiste en saber se teño tempo de ler ou non, senón se eu me permito ou non, a felicidade de ser lector.

DANIEL PENNAC